



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

15 ABR. 2024 19:53:50

Entrada **21521**

# Sobre a nova redución de servizos ferroviarios na cidade de Lugo

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á redución de servizos ferroviarios en Lugo**.

Lugo foi perdendo servizos ferroviarios desde hai anos, estimándose que se viron reducidos nun 60% desde o ano 2000. Até entón partían da cidade 15 trens diarios. Hoxe en día só hai 6 servizos de tren que volverán a ser reducidos novamente debido ás obras na estación de Chamartín Clara Campoamor.

O recorte máis brutal produciuse durante a pandemia en 2020 coa supresión dunha grande parte de conexións e frecuencias que aínda non foron recuperadas.

Agora, as obras de ampliación da praia de vías na estación madrileña de Chamartín Clara Campoamor tamén van ter un efecto nos servizos ferroviarios a Lugo posto que se van reducir as circulacións de trens nas conexións co norte e noroeste desde o 8 de abril. Circunstancia que afecta á circulación dos Alvia a Galiza, tamén a Lugo que perderá unha das súas conexións.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. É consciente o Ministerio que desde o ano 2000 Lugo perdeu en torno ao 60% dos servizos ferroviarios que tiña? Non cre que este non é o



- camiño para atraer poboación a Lugo e incentivar o seu desenvolvemento económico, social e a súa cohesión territorial?
2. Vanse recuperar ou incrementar as frecuencias e conexións de Lugo unha vez rematen as obras na Estación de Chamartin – Clara Campoamor?
  3. Vai repoñer o resto de frecuencias suprimidas durante a pandemia?
  4. Mellorará as conexións co resto de vilas e cidades da Galiza?
  5. Comezaron os traballos para a redacción do proxecto de conexión ferroviaria directa entre Lugo e Santiago de Compostela?
  6. Comprométese o Ministerio a dar cumprimento ás demandas cidadás e apostar pola mellora das infraestruturas ferroviarias de Lugo para que se palie o déficit histórico que padece e lograr así un transporte sustentábel para a cidade?

Madrid, a 15 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la reducción de servicios ferroviarios en Lugo.**

Lugo ha ido perdiendo servicios ferroviarios desde hace años, estimándose que se vieron reducidos en un 60% desde el año 2000. Hasta entonces partían de la ciudad 15 trenes diarios. Hoy en día solo hay 6 servicios de tren, los cuales volverán a ser reducidos nuevamente debido a las obras en la estación de Chamartín Clara Campoamor.

El recorte más brutal se produjo durante la pandemia en 2020 con la supresión de una gran parte de conexiones y frecuencias que aún no fueron recuperadas.

Ahora, las obras de ampliación de la playa de vías en la estación madrileña de Chamartín Clara Campoamor también van a tener un efecto en los servicios ferroviarios a Lugo puesto que se van a reducir las circulaciones de trenes en las conexiones con el norte y noroeste desde el 8 de abril. Circunstancia que afecta a la circulación de los Alvia a Galiza, también a Lugo, que perderá una de sus conexiones.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**



1. ¿Es consciente el Ministerio que desde el año 2000 Lugo perdió en torno al 60% de los servicios ferroviarios que tenía? ¿No cree que este no es el camino para atraer población a Lugo e incentivar su desarrollo económico, social y su cohesión territorial?
2. ¿Se van a recuperar o incrementar las frecuencias y conexiones de Lugo una vez finalicen las obras en la Estación de Chamartin – Clara Campoamor?
3. ¿Va a reponer el resto de frecuencias suprimidas durante la pandemia?
4. ¿Mejorará las conexiones con el resto de vilas y ciudades de Galiza?
5. ¿Han comenzado los trabajos para la redacción del proyecto de conexión ferroviaria directa entre Lugo y Santiago de Compostela?
6. ¿Se compromete el Ministerio a dar cumplimiento a las demandas ciudadanas y apostar por la mejora de las infraestructuras ferroviarias de Lugo para que se palie el déficit histórico que padece y lograr así un transporte sustentable para la ciudad?

Madrid, a 15 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**